



COLABORACIÓNS CO ALUMNADO DE 1º

Enviado por [admin](#) [1] o Xov, 06/01/2023 - 11:11

Durante o mes de maio, o alumnado de 1º de educación primaria compartiu diferentes experiencias que lles resultaron realmente motivadoras: unha charla cos xogadores do Obradoiro e unha saída á biblioteca Ánxel Casal, organizada pola asociación *Máis que mel*.

No primeiro caso custoulles manter a emoción, pero seguro que para elas e para eles sempre lles quedará como motivo de orgullo as preguntas que lles formularon a estes homes tan altos e famosos en Santiago, así como as respostas que estes lles deron.

No caso da actividade deseñada por *Máis que mel*, descubriron como se realiza a polinización, fundamental para a reprodución de máis do 80% das plantas que hai na Terra, e polo tanto, para o equilibrio dos ecosistemas. Unha magnífica lección práctica de respecto polo mundo natural!



Feito con Drupal (ver. 6.28)



Proxecto Webs dinámicas

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013